

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E O CLÚSTER TIC CO FIN DE ACOLLER BOLSEIRO/AS PARA A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS EN MATERIA DE INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL

En Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. D. Fernando Guldrís Iglesias, en representación do Instituto Galego de Promoción Económica (Igappe), con CIF Q 6550010J e domicilio en Complexo Administrativo de San Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela. (A Coruña). Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do Presidente del Igappe, feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

E doutra parte, o Sr. D. Antonio Rodríguez del Corral en representación do Clúster TIC Galicia, con CIF G70157581 e domicilio no CEM-Cidade da Cultura. Monte Gaiás. 15707 Santiago de Compostela. Está facultado para este acto en virtude ao nomeamento na Asemblea Xeral de Socios celebrada o 30 de setembro de 2020.

As partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente,

EXPOÑEN

- 1.- Que mediante Resolución da Dirección Xeral do Igappe do 19 de febreiro de 2020 publicáronse as bases reguladoras do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial.
- 2.- Que estas bases regulan a concesión dun máximo de 50 bolsas de formación práctica -no ámbito da internacionalización empresarial- para realizar labores de investigación de mercados, estudo de empresas e a súa planificación para internacionalización e, para investigación das posibilidades de cooperación internacional entre empresas galegas e estranxeiras.
3. - Que os posibles destinos dos bolseiro/as indicados nas bases son: oficinas de Igappe e Xunta, oficinas comerciais de España no exterior, cámaras de comercio españolas no estranxeiro, organismos multilaterais, organismos intermedios galegos, centros de investigación, empresas e/ou outros organismos en Galicia ou no estranxeiro.
- 4.- Que ambas organizacións coinciden no interese de colaborar en accións que faciliten o acceso das empresas a novos mercados, a formación de persoal especializado en internacionalización, e acceso das empresas galegas a profesionais con este perfil.
- 5.- Que, convindo aos lexítimos intereses dos comparecentes, acordan regular a dita colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

É obxecto do presente convenio regular as relacións de colaboración entre o Igape e CLÚSTER TIC para a acollida dun bolseiro/a da convocatoria do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial.

SEGUNDA.-

A duración inicial da bolsa no organismo de acollida é de 10 meses e, a data de comezo estímase durante o mes de marzo de 2022.

A dotación da bolsa será pagada integramente polo Igape ao bolseiro/a, e inclúe todos os impostos de carácter persoal así como a Seguridade Social. O Igape non aboará ningunha cantidade á entidade colaboradora. No caso de que das tarefas encomendadas polo organismo se incorra noutros gastos non cubertos polas bases reguladoras do programa, estes gastos serán por conta do organismo.

O Igape asignará o bolseiro/a ao CLÚSTER TIC tendo en conta os mercados de interese do CLÚSTER TIC, a puntuación final obtida polo bolseiro/a na resolución definitiva e o seu lugar de residencia.

O Igape poderá substituír ao bolseiro/a no caso de renuncia do bolseiro/a anterior ou por cambio de destino por causa xustificada.

TERCEIRA.-

A colaboración de **CLÚSTER TIC** consistirá en:

- A execución, dentro do horario laboral, do plan de formación plantexado por CLÚSTER TIC, que se une como anexo ao presente convenio.
- A realización, a través do(s) titor(es) proposto(s) e que se indica no anexo ao presente convenio, do seguimento da actividade desenvolta polo bolseiro/a dentro do programa de formación establecida, e a provisión do asesoramento necesario para o seu correcto desenvolvemento e integración.
- A realización e envío ao Igape de informes acumulados trimestrais de execución e resultados do programa de formación, así como o informe final.
- Permitir a execución por parte do bolseiro/a de tarefas complementarias que o Igape lle poida asignar así como a participación en reunións, seminarios,... aos que o bolseiro/a sexa convocado polo Igape, sendo neses casos por conta do Igape os gastos de desprazamento, que se aboarán directamente ao bolseiro/a como parte da dotación da bolsa.
- A posta a disposición das instalacións e os medios apropiados para o desenvolvemento da bolsa.
- A inclusión do bolseiro/a no plan de prevención de riscos de CLÚSTER TIC, asegurándose de que é coñecedor do dito(s) plan(s).
- O bolseiro/a deberá cumprir co réxime de ordenamento interno de CLÚSTER TIC.
- Subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.

CUARTA.-

As actividades do beneficiario serán en todo caso formativas, sen que en ningún suposto poida ostentar a condición de responsable, nin tan sequera de facto, da execución de calquera tipo de actividade. O bolseiro/a deberá estar en todo momento supervisado e controlado polo titor que se lle designe, que será quen adopte calquera decisión que se considere necesaria e vele porque o beneficiario aproveite con éxito o proceso de formación.

Os dereitos e obrigas establecidas en virtude do presente convenio de colaboración non presupoñen relación laboral nin de servizos entre CLÚSTER TIC e o bolseiro/a.

QUINTA.-

A entrada en vigor do convenio será desde a data efectiva de incorporación do bolseiro/a ao CLÚSTER TIC. A súa duración máxima será de 12 meses.

SEXTA.-

As controversias que puidesen xurdir da interpretación do presente convenio resolveranse por unha Comisión Mixta constituída por un representante designado por cada unha das partes e presidida polo director xeral do Igape, a cal se reunirá a convocatoria de calquera dos seus membros, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e correspondendo contra os mesmos recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados de Santiago de Compostela.

SÉTIMA.-

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

A entidade colaboradora someterase aos mecanismos de inspección e de control que o Igape considere convintes, vinculadas ás actividades formativas dos beneficiarios en relación coa bolsa concedida.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

OITAVA.-

CLÚSTER TIC consinte expresamente a inclusión dos datos persoais e relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no Complexo Administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela.

NOVENA.-

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese polas súas propias cláusulas e no disposto por elas, polas normas de Dereito Público español, isto é, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normas subsidiarias.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en tódalas estipulacións, e como proba de conformidade asíñase por duplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

Polo IGAPE:

Por CLÚSTER TIC

Asdo.: Fernando Guldrís Iglesias

Asdo.: Antonio Rodríguez Del Corral

ANEXO PLAN DE FORMACIÓN	
NOME TITOR BOLSEIRO/A:
MERCADOS DE INTERESE:	Principalmente: Alemaña, LATAM, Portugal, Reino Unido e USA
ACCIONS INTERNACIONALIZACIÓN PREVISTAS 2022:	<p>Revisión e actualización do estudo de internacionalización das empresas do Cluster TIC Galicia.</p> <p>Revisión do plan de acción integral para a internacionalización das entidades socias de cara ao ano 2022 e posteriores, con especial atención ás:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Accións de capacitación (estudos de mercado específicos, idiomas, habilidades comerciais) • Accións de networking e toma de contacto, a executar polo cluster TIC Galicia ou as propias empresas • Accións de fomento da internacionalización entre as pemes • Accións de internacionalización coordinada en mercados obxectivo <p>Debido aos novos escenarios abertos tras a pandemia, haberá que ter en conta accións e actividades de internacionalización que exploren e combinen medios virtuais con accións presenciais.</p>
PLAN DE TRABAJO E TAREFAS DO BOLSEIRO/A:	<p>En base ao plan de acción comentado anteriormente:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realización de entrevistas coas entidades do Cluster TIC Galicia xa identificadas como prioritarias. • Recopilación de información para engadir nos arquivos e bases de datos internas do Cluster TIC Galicia. • Realización de informes periódicos sobre os resultados parciais da diagnose. • Accións de vixilancia orientada a comprobar as accións e actividades de internacionalización que están a executar ou en planificación, entidades semellantes ao Cluster. • Apoio e dinamización nas actividades específicas que se realicen dende o cluster no eido da internacionalización no ano 2021 • Vixilancia de fontes de financiamento relacionada con accións de internacionalización (IGAPE, ICEX, EU)